

PREGUNTAS FRECUENTES (DIRIXIDAS A COMERCIOS)

- **¿Qué comercios poden adherirse?**

Aqueles que teñan un establecemento aberto nalgún dos concellos con menos de 20.000 habitantes da provincia, dados de alta nalgún dos IAE recollidos no anexo II e que estén exentos do pago do Imposto de Actividades Económicas

- **¿Cal é o prazo de adhesión dos comercios interesados?**

Do 6 ao 20 de outubro de 2025, ás 9:00 horas

- **¿Qué información é necesario aportar para a adhesión dos comercios?**

- ✓ Nome e apelidos, ou razón social
- ✓ Domicilio fiscal
- ✓ NIF
- ✓ Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante
- ✓ Nome comercial, no seu caso
- ✓ Enderezo do establecemento comercial para o que se solicita a adhesión
- ✓ Teléfono móvil
- ✓ Correo electrónico
- ✓ Epígrafe do IAE (incluído no anexo II)
- ✓ IBAN da conta bancaria
- ✓ Páxina web do establecemento, no seu caso
- ✓ Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Deputación e cos concellos da provincia.

- **¿Qué obrigas teñen os comercios adheridos?**

- ✓ Facer publicidade no exterior, nun lugar visible, a adhesión ao programa, colocando os materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa
- ✓ Facer desconto directo do importe, e que o ticket ou factura reflicta o importe da compra, do desconto e do importe final a pagar

- ✓ Especificar, na zona de caixa, a política de devolucíons establecida nas bases reguladoras
- ✓ Someterse ás actuacións de control por parte da Deputación
- ✓ Conservar durante un ano, todos os tickets ou facturas xustificativas da aplicación dos bonos
- ✓ Custodiar correctamente as claves de acceso á plataforma, comprometéndose a non facilitalas a outros establecementos ou persoas

- **¿Pódense aplicar estos descuentos en compras en liña?**

Non, non son aplicables estos descuentos en compras en liña

- **¿Cando se cobran os descuentos practicados á clientela?**

Semanalmente, o pago faise na conta bancaria indicada na documentación de adhesión ao programa

- **¿Qué pasa en caso de devolución do ben ou bens comprados?**

O importe únicamente pode ser trocado por outra compra de importe igual ou superior, ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. Non se poderá abonar á persoa consumidora, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito

- **¿Qué pasa si tengo varios establecimientos comerciales?**

Unha vez dado de alta na aplicación, esta indica a posibilidade de engadir sucursales